

## Esta novela é coma un río con afluentes (Vimianzo, 11-5-2013)

(...)

“Eu, cando era pequena, e supoño que a alguén dos presentes lles pasaría outro tanto, aseguraba convencida que os libros **canto máis grosos máis importantes** eran, pois loxicamente encerrarían máis saber que os delgados que podían dobrarse, metérense no peto e pasaren desapercibidos aos ollos de calquera. Pero os grosos, mal ou ben chamados (depende como se mire) “ladrillos” sempre eran importantísimos. Neste caso temos *Costa do Solpor*, de 660 páxs., do que podemos dicir “ben chamado ladrillo” porque o seu autor con só unha peza foi quen de **construír unha grande obra**, que aínda sendo de papel e non de barro nin arxila, soubo modelar con destreza a través dos seus personaxes, espazos, tempos e situacións. Este é un libro e non os que escribo eu que fan falta media ducia deles para acadar o seu grosor.

Coñeciamos todos a Xosé M<sup>a</sup> Lema, nacido na parroquia vimiancesa de Bamiro, en moitas parcelas do seu bo facer e tamén como activista relevante, divulgador da nosa cultura. (...) Os investigadores saben o que é almacenar material e material en carpetas coa esperanza de que algún día verá a luz. Eles nunca tiran a toalla. E aínda que este libro é unha novela, a historia, ou diría que “historias” en plural que conta non son alleas a esa investigación de anos coa que soubo con gran mestría darlle forma e con ela formar parte xa dos grandes da nosa Literatura. Xa houbo quen lle dedicou algún artigo xornalístico no que lle dá a valoración de “*obra colosal, extraordinaria e de monumento literario, e capaz de facer perdurar a nosa literatura e a nosa lingua*”. Palabras maiores son estas, amais sabendo que veñen dun comentarista literario.

De non saber eu o seu lugar de nacemento, aseguraría que nacera nunha familia e nun lugar de mariñeiros, porque cando lean esta obra xa constatarán como domina esta parcela. De cruceiros sei que sabe, polo menos dos de pedra, outra cousa son os cruceiros turísticos por mar.

### Coma un río con afluentes

Eu non podería facerlles un resumo mellor que o que aparece na contracapa do libro, que tampouco llelo vou ler, pero si dicir que **esta novela é coma un río con afluentes**. O río vén sendo a viaxe da *Hispaniolae* os afluentes as outras historias (a da serea, a do Trabeiro, a do Inglés ...) que lle van aportando auga incrementando o seu caudal.

Recoméndolles ler esta obra por varias razóns, todas elas poderosas. Pero **léana devagar**, saboreándoa, sen présa. É garantizado que lles vai gustar. Unha obra **moi ben estruturada**, o que fai que en ningún momento te perdas.

Alégrome que a tanta información recollida, a tantos coñecementos interesantísimos, o seu autor lles dese forma nunha **especie de colar** feito de elos enguedellados para formar esta historia, estupenda maneira de termos acceso a tanta información que de non ser así, enriquecendo as historias, resultaría máis duro acadala.

Gústame como o autor utiliza a forma de narrar do **estilo “deixa-colle, colle-deixa”** para captar a atención do lector/a, conseguindo así manter a dúbida, a tensión

e a emoción ata resolver o final.

Xosé M<sup>a</sup> traballa moi ben **o carácter dos personaxes**, por exemplo o do protagonista, James Hawkins (Jim) quen conta a meirande parte da historia e é un grumete. O mesmo fai con Mariña. Moi ben tratado “o Estrávico”, un personaxe interesante que aparece en acción en distintos momentos, a 1<sup>a</sup> vez en terras de Fisterra. E as descrições, non só de persoas, tamén de acción e sentimentos.

Outra das razóns pola que me gustou foi **pola cantidade de curiosidades** que vai debullando, todas elas moi ben trenzadas. Ten moi en conta as tradicións , as lendas (por ex., a da Buserana), a literatura popular con ditos e expresións, refráns e cantigas. Ten en conta **as voces dialectais** tal como o piden algún dos personaxes. E parabéns á editorial Xerais por permitir a publicación das mesmas.

Entre **esas curiosidades** están a do vello costume dos navegantes, especialmente dos portugueses, de pendurar un zapato (un calzado) nunha árbore á beira do mar para se comunicaren en zonas illadas e afastadas. O capitán da *Hispaniola*, a goleta protagonista na que facían a viaxe, explicou que unha bota ou un zapato pendurado nunha árbore indica que dentro do propio calzado ou no porto máis próximo hai unha impotante mensaxe que calquera barco que pase pode levar se lle cadra en ruta.

Máis? Pois tamén me gustou cando conta que **San Brandán o Navegante** (un santo celta irlandés) real ou imaxinario que chegou ás costas americanas no lombo dunha balea. E resulta que disque os cregos católicos irlandeses das aldeas da beiramar lle rezaban para que houbera un milagre: que algún barco naufragase nas súas praias (coma se iso fose pan para comer)

Moi interesante tamén que para facer **a torre do 1º faro de pedra** o seu autor, o enxeñeiro Smeaton, inspirouse nas árbores, concretamente nun rexo carballo, que é a árbore sagrada dos antigos británicos.

Pero por moito que esta historia de piratas e combates navais, ambientada no S. XVIII que narra esa viaxe de volta dunha goleta inglesa que garda un tesouro e que pola confusión dun mapa onde Galicia aparece dentro da mesma liña de Portugal, nós, lectores e lectoras **non temos confusión de que o espazo é esta nosa zona** polos seus topónimos, linguaxe e demais.

### **Imperdoable: ¡falta Lires!**

**Topónimos:** Fisterra (fala do Santo Cristo, praia de San Roque, o Castelo de San Carlos), Duio (asolagado por un cataclismo), Laxe, Amarela, Corcubión, A Casa do Camiño, Vilar de Toba, Baio, Cee, Xaviña, Touriñán, Cabo Vilán, A Punta do Roncudo, Camariñas, Cereixo, Vimianzo, Carantoña, Muxía, Berdoias, Soesto, Mira, Carnés, Ozón, Moraime, Sinagoga, Caberta, Lourido, Xurarantes, Morpeguite, Vilastose, Frixe, Senande, Pontenova, Viseo, Mens, Nemiña, Carantoña.

E aquí está o grande erro desta novela. Eu diría que **imperdoable**, e síntome na obriga de dicilo: **Non aparece LIRES** por ningures. Reivindico ao seu autor que xa na 2ª edición, que de seguro estará a caer subsane o erro. Ademais xa lle teño eu o sitio buscado, pois cando di Pontenova poña entre paréntese “da parroquia de Lires”. É que

como estou segura de que esta obra nunca desaparecerá, será un xeito de constatar a súa existencia, pois quen nos asegura de que poida aparecer un mapa deses como o que conseguiu Xosé Mª e Lires veña dentro da liña de Portugal? A saber!

**Refráns:** Mentres a vara vai e vén, descansa o corpo. // Nin por rodeo nin por atallo, nunca deixes o camiño de carro. // Non hai mal que non haxa ben. // A calma, vento espera; mariñeiro ponte en vela. // Se vén chuvia antes do vento, arría con tempo. // Dígoche Xan, enténdeme Pedro.

**Expresións feitas e ditos:** Custar ferro e fariña. //Agora é un boi manso. // Está dando malvas. // Botar a lingua a pacer. // Non che vai por aí o gato ás filloas. // Nin comen óso nin llo dan ao can. // Mal raio os parta. // Lume a esgalla. // Así me coma o demo, // Calados coma petos. // Darlle sebo ás canelas. //A outro can con ese óso. // Non ha! // Non tal // Vaiche boa! Viacó! (Vinde)

E quero salientar unha expresión que desde que vivía en Lires non a volvín escoitar e, o mellor de todo, que non son consciente de tela visto nunca escrita. Esta: *dodemo* (variante de *duodemo*)

E logo Xosé Mª bota man doutras expresións/licencias, xa da súa autoría que me gustaron en especial: "fervía o mar" (para falar do seu alporizamento), "daba medo do medo que daba" (a xeito de xogo de palabras), "un baño de terra" (cando enterran a un).

**Voces dialectais:** *luitar* (ditongo ui), *bicano* (por 'bicaron'), *acabarés* (por 'acabaredes'), *mandén* (por 'mandei'), *tiveno* (por 'tiveron') ...

**Alcumes** (algúns deles reais, pois eu recoñezo moitos, aceptados sen prexuízos polos seus posuidores: Muito Home // o Atrevido // o Xaramiño // Man esfolada // Peido Calado // o Denociña // o Mexanacama // o Esfurricado // o Berberecheiro.

**Nomes de paxaros e aves:** xílgaros, reiseñores, verderolos, petos, peifocos, carrizos, andoriñas, paspallás, pincaouros, picafollas, lavandeiras, chascos, laveras, escribentas ... Aigas, vuitres, miñatos, pegas, gaivotas, corvo mariño ...

**Vocabulario específico do mar:** arribar, singradura, leme, esteiro, drizas, andariveis, arrufo, quebranto, vagallón, pañol, codaste, enxarcias, mesana, amuras, carenar, drizas, obenques, cabestrante ... Todo un prontuario de termos mariñeiros.

Todo isto é froito dos seus estudos, investigación e lecturas.

É posible que quen lese *A illa do tesouro* antes, volva recordar aquela historia ao ler *Costa do Solpor*. Certo. O mesmo Xosé Mª di que non deixa de facer con ela unha homenaxe a Stevenson. Así que esta obra que aquí hoxe presentamos pode ser "*A illa do tesouro* made in Galicia para o mundo".

### Un tratado social con contidos transversais

Eu quero rematar dicíndolles que *Costa do Solpor*, amais de ser unha novela histórica e de aventuras, é tamén un **tratado social** sobre a análise da vida mariñeira, da rural e urbana dese século XVIII, pero tamén con **certos matices críticos** que á sociedade de hoxe en día nos poden facer reflexionar : A diferenza das clases sociais cando aparece o fidalgo que pon atrancos na relación da filla co Chavián. A necesidade **derebelarse** contra o servilismo (cando di que Vilasumisa hai moitas no reino de

Galicia, porque apandan co que lles boten sen daren chío). A importancia do traballo en equipo. Os caseiros, a quen os fidalgos chuchaban o sangue con tantas rendas e trabucos. O pensamento de que as mulleres **carecían de intelixencia**, e o fidalgo dálle un papel relevante a Mariña, dotándoa de grande formación. E o autor salienta a valentía da rapaza, por ex., fronte ao capitán do *An Ankou* (páx. 567). Tamén aparecen reflexións sobre a lingua galega a través de diálogos entre personaxes. Vaia, que nesta obra ao seu autor non se lle escapa nada. No gremio docente diríamos que hai nela **moitos contidos transversais**.

Sen dúbida que a publicación desta obra é **un luxo**, porque a esencia do luxo, di Edurne Uriarte nun artigo publicado recentemente, é a súa exclusividade, o feito de estar vedado á inmensa maioría da xente, pero nós temos acceso ao luxo da súa lectura.

Entendo tamén que ao rematar de escribir esta obra o seu autor quedase baleiro pensando que xa non lle quedaba nada máis que contar, pero isto non vai ser certo, así que, Xosé M<sup>a</sup>, descansa un pouco, deixa de dicir que esta vai ser a túa única novela e ponte a escribir a segunda.”

[Extracto do texto lido na presentación na Casa da Cultura de Vimianzo, que tamén contou coa presenza de M.

Antelo, alcalde de Vimianzo;

Concha Blanco, natural de Lires (Cee), a escritora máis prolífica da Costa da Morte: máis de 35 títulos e varios premios literarios]